

Concello de A Laracha

Plaza do Concello S/N
15145 - A CORUÑA

EXPEDIENTE: Zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia e Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia.

CLAVE: GA/19/001.09.4 e GA/19/001.09.5

ASUNTO: Información pública

Achégase o presente oficio para informarlles que se someterán a información pública, durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, as Zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.4, e o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.5, de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

A páxina web onde se atopan os documentos para a súa consulta é:
<https://infraestructurasemobildade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>.

A publicación no Diario Oficial de Galicia está prevista para o 9 de novembro de 2022, e durante o período de información pública (1 mes desde o día seguinte á publicación no DOG) os documentos deberán estar expostos ao público nese Concello, para que sexan examinados polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

Por outra banda, e na súa calidade de administración territorial afectada, ese Concello debe tamén examinar os documentos sometidos a información pública, e informar sobre as mesmos. Transcorrido o período de información pública sen que emitan informe, entenderase a súa conformidade cos mesmos.



Finalmente, rematado o período de información pública, solicítolle a remisión do **certificado** comprensivo de que os documentos estiveron sometidos a exposición pública durante o prazo establecido, facendo constar se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Francisco Menéndez Iglesias

Director da Axencia Galega de Infraestruturas

